

# MYKES

Boletín do Grupo Micológico Galego  
“Luis Freire”

Volume 22  
2019



GRUPO MICOLÓGICO GALEGO

## A DIVULGACIÓN MICOLÓXICA NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

por

H. FERNÁNDEZ-RICÓN<sup>1</sup> & G. PÉREZ-TORRÓN<sup>2</sup>

FERNÁNDEZ-RICÓN, H & PÉREZ-TORRÓN, G. 2019. A divulgación micolóxica nos medios de comunicación. *Mykes* 22: 109-119.

### Resumo

Chegado o outono, cada ano os medios de comunicación éñchense de artigos e novas sobre micoloxía. Sen embargo, a veracidade e seriedade da información transmitida afástase moitas veces do coñecemento científico, transmitindo datos errados que poden carrexar consecuencias negativas para o público xeral. Neste artigo débúllanse os erros máis comúns dos medios no referente á micoloxía e débátese sobre o camiño a seguir por parte de periodistas e micólogos para mellora-la divulgación micolóxica.

**Palabras clave:** micoloxía, divulgación, medios de comunicación, cogomelos.

FERNÁNDEZ-RICÓN, H & PÉREZ-TORRÓN, G. 2019. Mycological outreach in the media. *Mykes* 22: 109-119.

### Summary

When autumn comes, every year the media is filled with articles and news about mycology. However, the veracity and seriousness of the information transmitted often departs from scientific knowledge, transmitting erroneous data that can lead to negative consequences for the general public. This article contains the most common media errors, interms of mycology, and discusses the necessary way to take by journalists and mycologists to improve mycological dissemination.

**Keywords:** mycology, media outreach, mushrooms.

---

<sup>1</sup>MycoGalicia Plantae, rúa Toledo, 40 - 2ºC, E-36205, Vigo; e-mail: [hfernandez@mycogalicia.es](mailto:hfernandez@mycogalicia.es)

<sup>2</sup>Facultade de Bioloxía, Campus Lagoas-Marcosende, E-36310, Vigo; e-mail: [gabivacaloura@gmail.com](mailto:gabivacaloura@gmail.com)

## INTRODUCCIÓN

Na actualidade, a natureza experimenta unha nova posta en valor por parte da sociedade, de xeito acusado e moi diversificado en múltiples correntes de pensamento, máis ou menos acertadas dende o punto de vista científico. Os medios de comunicación como a prensa, a televisión, e a internet, co auxe das redes sociais, desempeñan un papel fundamental neste cambio de perspectiva do medio natural. Isto permite visibilizar e xerar opinión pública de feitos como o cambio climático, as accións contaminantes antrópicas, o consumo de recursos fósiles ou a procura de fontes enerxéticas e materiais sostibles, mais compre ter en conta que non toda a información dispoñible nos medios de comunicación é veraz nin está contrastada.

Os cogomelos son un exemplo desta nova posta en valor da natureza. A día de hoxe, é evidente que o interese da poboación por eles está a medrar, feito curioso nunha terra tradicionalmente micófoba como é Galicia. Cada vez son máis os afeccionados que saen ao monte na súa procura, maiormente con fins gastronómicos, mais tamén hai persoas que buscan aprender a recoñecelos non só para o seu consumo, e amantes da fotografía de natureza que atopan nos cogomelos formas e cores atractivas que retratar.

Como consecuencia disto, o espazo que ocupan os cogomelos nos medios de información é de cada vez maior, mais, é correcta a información publicada?; transmítese de forma axeitada?; que opinión sobre os cogomelos estase xerando na poboación? Este artigo pretende responder a estas cuestións expoñendo e sinalando con exemplos os erros máis comúns neste ámbito, así como abrir camiño cara a mellora da forma de achega-lo coñecemento científico sobre os cogomelos á sociedade, o que denominamos **divulgación micolóxica**.

## A DIVULGACIÓN MICOLÓXICA NA PRENSA

Outono tras outono, os medios énchense de noticias sobre este recurso natural, esquecido o resto do ano. Multitude de

axencias de comunicación escrita e audiovisual fanse eco do mundo dos cogomelos. Pódense ver noticias de tódolos ámbitos: como cociñalos, como recoñecelos, exemplares de porte “récord”, intoxicacións, cales son as máis saborosas, as máis tóxicas... Tal e como se sinalou anteriormente, a cantidade de información e a variedade de fontes as que podemos ter acceso de xeito case instantáneo é enorme.

Debido a isto, compre ter en conta algunhas consideracións importantes. Para a maioría do público, os datos recollidos dende as súas fontes de información de confianza son verídicos, e tenden a facerlles caso asumindo que o contido exposto é fiable. Pero, nalgunhas ocasións, esta información é inexacta ou errónea total ou parcialmente. Na divulgación científica en xeral, e na divulgación micolóxica en particular, é preciso ter moito coidado á hora de transmitir a información, sobre todo no ámbito das novas e artigos que acadan moito alcance.

Entre as causas dunha mala divulgación no ámbito da micoloxía, destacamos as seguintes:

- Tras realizar unha entrevista a unha persoa versada na materia, a redacción do medio transcribe de xeito errado a información.
- A persoa redactora descoñece o campo de micoloxía e non consultou fontes de información fiables.
- A suposta persoa experta na materia non ten os coñecementos suficientes para a divulgar sobre micoloxía.
- sensacionalismo, é dicir, a procura do impacto e o atractivo da noticia sen importar a calidade da información exposta.

Entre os erros máis comúns observados, sobre todo na prensa, destacan aqueles referentes ao emprego da terminoloxía científica, especialmente no nome das especies citadas:

*“Boleto comestible: también conocido como hongo, es una seta con un sabor dulce.”* (OK Diario, 7/02/2019)

*“Las setas más venenosas suelen ser las de anillo, volva y verruga.”* (Diario As, 11/10/2018)

*“¿Cómo identificar setas comestibles? El primer aspecto a considerar son las branquias. [...] A continuación hay que fijarse en el sombrero y el tallo”* (OK Diario, 7/02/2019)

*“La primera vez que se vio a este hongo, Flavolaschia Calocera [...] A su lado, las tan temidas Amanita Muscaria, de color rojo y muy tóxica, y la Faloides”* (Faro de Vigo, 19/11/2018)

Como se observa nestes exemplos, é frecuente que nos medios de comunicación non se utilice o nome científico para referirse a unha especie, algo moi pouco recomendable na micoloxía, e de facelo sole aparecer mal escrito, non está en cursiva ou ten maiúscula no epíteto específico. De feito, as persoas periodistas solen alegar que prefiren emprega-lo nome común para facilita-la lectura do artigo, o cal non ten xustificación, pois hai nomes de futbolistas máis enrevesados que moitos binomios de especies escritos correctamente nos mesmos medios.

Os artigos xornalísticos sobre cogomelos non se libran do sensacionalismo, mal da prensa que chega a tódolos ámbitos. Moitas veces, a procura dun titular rechamante que sexa atractivo para o lector, pode transmitir unha idea errada e incluso perigosa:

*“Preocupación por las especies invasoras de setas en los montes de la comarca”* (Faro de Vigo, 19/11/2018)

*“Las siete setas más peligrosas que existen”* (Diario de Ibiza, 25/09/2017)

*“Comer setas puede proteger al cerebro del envejecimiento”* (Diario ABC, 14/03/2019)

Incluso moitas veces, os artigos xornalísticos sensacionalistas relacionados cos cogomelos poden supoñer unha irresponsabilidade medioambiental:

*“Los mejores sitios para coger setas en la comarca coruñesa”* (La Voz de Galicia, 14/11/2018)

Pero os erros máis graves no referente á divulgación en micoloxía nos medios de comunicación son aqueles relacionados coa micofaxia xa que poden derivar nun problema de saúde pública. Por desgraza, a gran parte da poboación que mostra interese polos cogomelos, faino dende esta perspectiva, feito que condiciona que a maior parte das aparicións dos cogomelos nos medios de comunicación versen sobre a súa comestibilidade.

Aquí recolleemos algúns exemplos de erros graves [Fig. 1] no referente á comestibilidade dos cogomelos:

*“Para evitar cualquier problema, las setas deben consumirse el mismo día, y comer sólo las partes más blanditas”* (Diario As, 11/10/2018). Baixo a descrición de especies tóxicas.

*“Las setas comestibles se caracterizan por tener branquias de color marrón o tostado [...] hay que fijarse en el sombrero y el tallo. Si son de color rojo, significa que la seta en cuestión es venenosa [...] las setas tóxicas tienen un anillo alrededor del tallo [...] Aquellas setas que tienen escamas en el sombrero, así como manchas, casi con total seguridad son venenosas.”* (OK Diario, 07/02/2019).

### Principales setas comestibles en España



Fig. 1. Imaxe de *Hypholoma* sp., probablemente tóxico, sinalado como cogomelo comestible (Ok Diario, 31/05/2017).

Erros coma estes, por graves que parezan, non son infrecuentes na prensa, a pesar de que a gran parte dos mesmos poderían evitarse co asesoramento dalgunha persoa competente no campo da micoloxía. Sen embargo, tódolos anos aparecen artigos con auténticas barbaridades no referente á micofaxia, sendo estes máis tóxicos que o máis tóxico dos cogomelos.

Nalgunhas ocasións, a persoa versada en micoloxía é a que redacta os artigos, e as veces esta persoa comete erros moi graves. Estes son os erros que maior seriedade poden ter, xa que a información provén dunha suposta fonte fiable, alguén que polo menos aparenta ter experiencia e coñecementos do que fala. Un exemplo deste tipo de artigos é a foto-galería de cogomelos comestibles de Galicia, recollida no Faro de Vigo (11/11/2016, online), creada por Xerardo Dasairas, investigador e historiador cangués. Nesta galería, recóllense 30 fichas de diferentes cogomelos, ilustradas cunha fotografía e sinalando a comestibilidade de cada un. Pódense apreciar erros gramaticais, confusións na comestibilidade dos cogomelos, e incluso erros nas fotografías, que non se corresponden co cogomelo que se quere sinalar [Fig. 2-3]. A comestibilidade de cada cogomelo aparece sinalada cun símbolo (unha caveira, un “tic” e un interrogante), pero non existe unha lenda que sinale o significado de cada un, pois o artigo titúlase “Guía de setas comestibles de Galicia”.



Fig. 2. Ficha da foto-galería de Xerardo Dasairas da especie *Crucibulum laeue*, co nome científico mal escrito, cunha fotografía de *Cyathus striatus* e indicada como comestible. (Faro de Vigo, 11/11/2016).



Fig. 3. Ficha da foto-galería de Xerardo Dasairas da especie *Clavulina fumosa*, sen coincidir na fotografía, nin o estado de conservación indicado (Faro de Vigo, 11/11/2016).

Este tipo de erros non só aparecen na prensa diaria, senón que publicacións especializadas poden contelos. O libro “Setas: Como distinguirlas fácilmente” é unha guía micolóxica ilustrada pertencente a editorial Tikal. Nela, na ficha correspondente á especie *Amanita phalloides*, menciónase que “cun bo cociñado as toxinas desaparecen, facendo deste cogomelo un bo comestible”, unha afirmación totalmente falsa e carente de fundamento que fai desta publicación un atentado contra a saúde pública.

### A MICOLOXÍA NAS REDES SOCIAIS

A internet conforma unha plataforma de información que permite o rápido intercambio de ideas e opinións dende calquera parte do mundo. Respecto a micoloxía, son moitas as páxinas web e blogs dedicadas aos cogomelos, dende bases de datos taxonómicas, ata galerías fotográficas ou descritivas de especies. Mais compre ter en conta que a natureza da internet permite publicar a calquera persoa toda clase de contido sobre cogomelos independentemente do seu dominio na materia, polo que moitas veces, este contido é errado. É por isto polo que a información micolóxica tomada de internet debe ser minuciosamente contrastada.



Pero ademais de páxinas web e “blogs”, a micoloxía chega tamén ás redes sociais, e son nestas plataformas onde o fluxo de información é moito máis rápido, pero tamén moito menos fiable. Redes sociais comúns como “Facebook” dispoñen de grupos abertos sobre micoloxía nos que os usuarios interesados poden compartir fotos e opinións. Sobra dicir que a veracidade da información compartida é cuestionable, e de feito, é moi común observar comentarios errados, algúns moi graves [Fig. 4].



Fig. 4. Imaxe tomada dun grupo sobre micoloxía dunha rede social no que se publicou unha imaxe de varios exemplares de *Cortinarius* sp. confundidos con *Lepista nuda*.

Resulta moi interesante ollar estes grupos sobre micoloxía para observar as tendencias de opinión da xente sobre os cogomelos, receitas de cociña e gozar de fotografías espectaculares, mais compre ter en conta que a pesar da presenza de persoas con experiencia nestes grupos, as cales adoitan colgar fotos das especies curiosas que atopan a xeito de “álbum de cromos”, a micoloxía de verdade é a feita no laboratorio e publicada en revistas e medios científicos. Abondan tamén nestes lares das redes sociais xente micófaga que publica fotos dos seus cestos ategados de cogomelos a modo de trofeo para recibila súa dose de autoestima en forma de “like”.

Sen embargo, a maior parte dos usuarios destes grupos son persoas micófagas inexpertas que ven na plataforma unha oportunidade rápida e sinxela de acadar o seu obxectivo: comer cogomelos silvestres que atoparon co asesoramento dos usuarios da rede, o cal resulta perigoso. É habitual atopar publicacións de imaxes de grandes cantidades de cogomelos cortados, pasados, ou mesturados en feixes de varias especies coas preguntas anexas “Se comen?”, “Cales son?” ou “Son tóxicos?” [Fig. 5], as cales ademais de ser un acto imprudente, constitúen unha falta de respecto cara a micoloxía e o medio ambiente.



Fig. 5. Imaxe tomada dun grupo sobre micoloxía dunha rede social no que se publicou unha imaxe dun cesto con cogomelos co himenio retirado para pregunta-la súa identidade.

### **CARA UNHA DIVULGACIÓN MICOLÓXICA ÉTICA E RESPONSABLE**

É preciso concienciar aos periodistas de que sexan rigorosos ca información que transmiten e de que traten de ser o máis fieis posible co que din os expertos. Tamén se deben contrastar ben os datos, por irrelevantes que poidan parecer. Nalgúns casos, soamente cunha consulta por internet, soluciónanse algúns dos erros máis comúns, como aqueles relacionados coa gramática

dos nomes científicos. A falta de rigorosidade e a presa por sacar unha noticia sensacionalista ou rechamante pode supoñer un perigo para o público. Dende o ámbito científico (universidades, centros de investigación, persoal experto, etc.) tamén se debe facer fincapé e denunciar os erros, e favorecer a información divulgativa de calidade, apoiando os medios de comunicación e tratando de tender pontes de comunicación entre as institucións para que se poña en valor dun xeito adecuado a natureza e a información de calidade.

As persoas que nos dedicamos á micoloxía temos a responsabilidade de ofrecer unha divulgación micolóxica ética e de calidade, que teña como obxectivo transmitir de xeito eficaz á poboación o coñecemento científico sobre os cogomelos. Está da nosa man denuncia-las publicacións erradas e carentes de fundamento dos medios, esixir a boa transcripción das nosas entrevistas e non entrar na dinámica da febre micófaga das redes sociais. Compre rachar coa idea antropocéntrica de que os cogomelos son comida, sendo bos ou malos en función do seu valor gastronómico, e concienciar sobre a importancia destes organismos como parte indispensable da biodiversidade e do funcionamento dos ecosistemas forestais.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Diario *ABC*. (14/03/2019). Comer setas puede proteger al cerebro del envejecimiento. [https://www.abc.es/salud/enfermedades/abci-comer-setas-puede-protector-cerebro-envejecimiento-201903140205\\_noticia.html](https://www.abc.es/salud/enfermedades/abci-comer-setas-puede-protector-cerebro-envejecimiento-201903140205_noticia.html). Consultado o 24 de Xullo de 2019.
- Diario *As*. (11/10/2018). Estas son las setas más mortales de España: ¡Cuidado!  
[https://as.com/deporteyvida/2018/10/11/portada/1539271003\\_611057.html](https://as.com/deporteyvida/2018/10/11/portada/1539271003_611057.html). Consultado o 24 de Xullo de 2019.
- Diario de Ibiza*. (25/10/2017). Las siete setas más peligrosas que existen. <https://ocio.diariodeibiza.es/gastronomia/noticias/nws-615841-las-siete-setas-mas-peligrosas-existen.html>. Consultado o 24 de Xullo de 2019.
- Faro de Vigo*. (11/11/2016). Guía de setas comestibles de Galicia. <https://www.farodevigo.es/multimedia/fotos/cultura/2016-11-11->

74948-coecemento-certeza-sobre-cogomelos.html. Consultado o 24 de Xullo de 2019.

*Faro de Vigo*. (19/11/2018). Preocupación por las especies invasoras de setas en los montes de la comarca. <https://www.farodevigo.es/portada-pontevedra/2018/11/19/preocupacion-especies-invasoras-setas-montes/2001282.html>. Consultado o 24 de Xullo de 2019.

*La Voz de Galicia*. (14/11/2018). Los mejores sitios para coger setas en la comarca coruñesa  
. [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/coruna/2018/11/08/mejores-sitios-coger-setas-comarca-corunesa/0003\\_201811SL8H16991.html](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/coruna/2018/11/08/mejores-sitios-coger-setas-comarca-corunesa/0003_201811SL8H16991.html). Consultado o 24 de Xullo de 2019.

*Ok Diario*. (31/05/2017). Principales setas comestibles en España. <https://okdiario.com/recetas/principales-setas-comestibles-espana-2534264>. Consultado o 24 de Xullo de 2019.

*Ok Diario*. (7/02/2019). 5 tipos de setas y cómo identificarlas. <https://okdiario.com/salud/2019/02/07/5-tipos-setas-comestibles-como-identificarlas-3679120>. Consultado o 24 de Xullo de 2019.

VV.AA. 2009. *Setas: Como distinguir las fácilmente*. Madrid. Ediciones Tikal.